



ACTA DA SESIÓN 7ª DE BAREMACIÓN DOS CONCURSOS DO TRIBUNAL NÚMERO 4 DOS PROCESOS SELECTIVOS PARA A COBERTURA DAS PRAZAS INCLUIDAS NO PROCESO EXTRAORDINARIO DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL AO ABEIRO DA DISPOSICIÓN ADICIONAL 6ª DA LEI 20/2021, INCLUÍDAS NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO EXTRAORDINARIA DO ANO 2022

Sendo as 11:00 horas do día 18 de xullo de 2023, en sesión celebrada no salón de sesións da Casa do Concello de Bergondo, consonte coa previsión contida na Base 9ª, apartado 6, das Bases xerais reguladoras das convocatorias e procesos selectivos referentes ás prazas incluídas na Oferta Pública de Emprego extraordinaria para a estabilización do emprego temporal do Concello de Bergondo do ano 2022 aprobada por Resolución desta alcaldía núm. 543/2022, do 18 de maio (BOP núm. 97 do 24.05.2022 e DOG núm. 101 do 27.05.2022), ao abeiro da Disposición Adicional 6ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, publicadas (BOP núm. 243 do 26.12.2022), reúnen os membros do Tribunal de selección consonte coa composición determinada na Resolución de Alcaldía núm. 792/2023, do 4 de xullo (BOP núm. 129 do 07.07.2023) e convocados pola mesma, que a continuación se relacionan:

Presidente: Juan Carlos Gómez Pérez (funcionario de carreira de administración especial do Concello de Bergondo)

Vogais:

Laura Gutierrez Ortíz (funcionaria de carreira con habilitación de carácter nacional do Concello de Bergondo)

Sandra Mª Anido Freire (funcionaria de carreira de administración xeral do Concello de Bergondo)

Óscar Cendón García (funcionario de carreira de administración especial do Concello de Bergondo)

Secretaria: Ana María Cacharrón Castelos (funcionaria de carreira con habilitación de carácter nacional do Concello de Bergondo)

Existindo quórum suficiente para as actuacións do día de hoxe nesta 7ª sesión.

O Tribunal procede en aplicación das Bases xerais e específicas reguladoras das convocatorias e procesos selectivos referentes ás prazas incluídas na Oferta Pública de Emprego extraordinaria para a estabilización do emprego temporal do Concello de Bergondo do ano 2022, en concreto a Base 5ª das xerais que dispón:

«5ª. Sistema de selección. Desenvolvemento e cualificación»

1. O sistema de selección para acceder ás distintas prazas serán o sistema excepcional de concurso previsto na Disposición Adicional 6ª da Lei 20/2021 de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público e de acordo co que establezan as correspondentes bases específicas das convocatorias, segundo se indica na base terceira para cada praza ofertada.

2. O sistema selectivo de concurso consistirá na valoración de méritos profesionais e méritos de formación. Os méritos profesionais suporán un 60% da puntuación máxima alcanzable no proceso selectivo e os demais méritos suporán un 40% da puntuación máxima alcanzable.

3. A puntuación máxima será de 100 puntos. Valoraranse os seguintes criterios:

A. *Experiencia profesional:* ata un máximo de 60 puntos, valorándose os servizos efectivos prestados ata a data de finalización do prazo de presentación de solicitudes de participación na convocatoria, do seguinte xeito:

- a) *Servizos efectivos prestados na Administración Local, en prazas do mesmo corpo, escala, subescala ou categoría á que se pretende acceder: 0,34 puntos por cada mes completo*
- b) *Servizos efectivos prestados na Administración Local, noutros corpos, escalas, subescalas ou categorías diferentes á praza á que se pretende acceder: 0,19 puntos por cada mes completo*
- c) *Servizos efectivos prestados noutras Administracións Públicas distintas da Local, en prazas do mesmo corpo, escala, subescala ou categoría á que se pretende acceder: 0,19 puntos por cada mes completo*
- d) *Servizos efectivos prestados noutras Administracións Públicas distintas da Local, noutros corpos, escalas, subescalas ou categorías diferentes á praza á que se pretende acceder: 0,17 puntos por cada mes completo*

B.- Formación: ata un máximo de 40 puntos, valorándose a realización de cursos homologados, polas diferentes Administracións Públicas, ou outras entidades do sector público, ou os realizados no ámbito da formación para o emprego ou os acordos de formación continua cuxo contido estea relacionado coas funcións propias da praza obxecto da convocatoria, e os considerados transversais polo seu interese para todos os postos: os de coñecemento da lingua galega, prevención de riscos, dereitos e deberes dos empregados públicos, igualdade, protección de datos, atención ao cidadán e comunicación, protección do medio ambiente desde o ámbito laboral e os de contido ofimática.

Valoraranse só os cursos realizados nos últimos 10 anos anteriores á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes de participación na convocatoria, agás os de coñecemento da lingua galega, que valoraranse en calquera caso, con independencia do ano no que se realizasen. Non serán obxecto de valoración os títulos que se esixan como requisito para o acceso a cada convocatoria.

Por grupos e subgrupos de titulación, a táboa de horas requirida para acadar a puntuación máxima será:

- Grupo A1/I: 200 horas (0,20 puntos/hora)*
- Grupo A2/II: 150 horas (0,27 puntos/hora)*
- Grupo C1/III: 75 horas (0,54 puntos/hora)*
- Grupo C2/IV: 40 horas (1 punto/hora)*
- Grupo AP/V: 25 horas (1,6 puntos/hora)*

C. Criterios de desempate: En caso de empate, nas puntuacións de dúas ou máis persoas aspirantes, e co obxectivo de satisfacer os principios de eficacia, eficiencia, economía, calidade, e mellora da xestión do sector público acudirase por orde aos seguintes criterios ata que se resolva:

- 1º.- En primeiro lugar, atenderase á maior puntuación obtida no apartado de experiencia profesional*
- 2º. De persistir o empate, o maior número de días de desempeño de servizos na praza obxecto desta convocatoria na entidade local convocante.*
- 3º. De persistir o empate, atenderase á maior puntuación obtida no apartado de formación.*
- 4º.- E por último, de persistir o empate, resolverase por sorteo*

4. Os méritos valoraranse con referencia á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes de participación no proceso.

Ningún dos requisitos fixados para a participación nas convocatorias dos diferentes procesos selectivos de estabilización regulados nas presentes bases poderán ser considerados e valorados, tamén, como mérito do concurso.

A. A experiencia profesional acreditarase:

- No caso de relación funcional: mediante certificación expedida pola Secretaría do Concello ou órgano competente da Administración Pública correspondente, onde se teñan prestado os servizos que se acreditan e no que conste como mínimo: Servizos prestados en Corpo, Escala, Subescala, Praza ou Plantilla; Grupo/Subgrupo art. 76 RDL5/15; Vínculo; Data de inicio; Data de finalización e xornada de traballo e certificado de vida laboral expedido pola Tesourería Xeral de Seguridade Social*
- No caso de relación laboral: mediante certificación expedida pola Secretaría do Concello ou órgano competente da Administración Pública correspondente, onde se teñan prestado os servizos que se acreditan e no que conste como mínimo: Servizos prestados en Corpo, Escala, Subescala, Praza ou Plantilla; Grupo/Subgrupo art. 76 RDL5/15; Vínculo; Data de inicio; Data de finalización e xornada de traballo e certificado de vida laboral expedido pola Tesourería Xeral de Seguridade Social e copia do/s contrato/s de traballo/s.*



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

En todo caso, da documentación xustificativa que se achegue, deberá concluírse de xeito claro e inequívoco o corpo, escala, categoría profesional ou natureza na que se teñan prestados os servizos que se pretende se valoren. As puntuacións referiranse a cada mes completo de servizos prestados, entendendo que un mes equivale a 30 días naturais. As fraccións de tempo inferiores ao mes puntuaranse proporcionalmente.

No suposto de que se aleguen servizos prestados no Concello de Bergondo, coa solicitude de participación no proceso selectivo, a persoa aspirante autoriza ao concello o acceso ao seu expediente persoal para a consulta e acreditación dos servizos prestados neste, agás que manifeste expresamente que non autoriza dita consulta, en tal caso deberá presentar a documentación sinalada no apartado A anterior para a valoración dos servizos prestados.

B. A formación específica acreditarase mediante a achega do título correspondente ou certificación ou documento acreditativo equivalente de ter realizado o curso ou acción formativa alegados, e que teña sido expedido/emitado polo órgano/autoridade competente da entidade/ organismo organizador ou responsable aos ditos efectos acreditativos. Nos anteditos documentos acreditativos da realización dos cursos/accións formativas deberá constar: a data da súa realización, a súa duración (en horas e/ou créditos), o seu obxecto e/ou materias/temario/contidos impartidos (agás nos cursos monográficos, xornadas, simposios, seminarios, congresos ou similares). De non figurar ou acreditarse ditos extremos, non serán obxecto de valoración. En todo caso, non se terán en conta outras formas de acreditación da formación específica diferentes das previstas nestas bases.

Non se terán en conta, nin serán obxecto de valoración, aqueles méritos que non teñan sido achegados, nin debidamente acreditados, na forma, prazo e con arranxo aos criterios básicos sinalados na presentes bases xerais e/ou de ser o caso, aqueles outros criterios complementarios e prazos concretos sinalados nas correspondentes bases específicas. Os méritos que se acheguen ou acrediten fóra dos prazos concretos sinalados ao efecto nas respectivas convocatorias e bases específicas, serán considerados como achega de documentación fóra de prazo e, polo tanto, non susceptibles de valoración; sen prexuízo dos supostos excepcionais nos que, previo acordo expreso do Tribunal, se poida requirir aclaración, documentación/información aclaratoria e/ou adicional sobre outra previamente achegada en forma e prazo.

5. Acreditación do coñecemento da lingua galega

De conformidade co artigo 51 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, para dar cumprimento á normalización do idioma galego nas administracións públicas de Galicia e para garantir o dereito ao uso do galego nas relacións coas administracións públicas no ámbito da Comunidade Autónoma, así como a promoción do uso normal do galego por parte dos poderes públicos de Galicia, realizarase unha proba de coñecemento da lingua galega a aquelas persoas aspirantes propostas para a obtención de praza que consistirá na realización dunha proba escrita que permita acreditar o coñecemento do idioma galego, nun tempo máximo de 30 minutos.

Este exercicio terá carácter obrigatorio e eliminatorio e será cualificado como apto ou non apto. No caso de que esta proba de coñecemento non puntuable sexa cualificada como non apta, a persoa candidata será excluída do proceso de selección e a seguinte coa puntuación de méritos máis alta será proposta para a obtención da praza. Se esta persoa non tivese acreditado con anterioridade o coñecemento de lingua galega correspondente, deberá someterse á referida proba de galego cos mesmos efectos expostos con anterioridade.

Estarán exentas da realización desta proba aquelas persoas aspirantes que acrediten a posesión do Celga do nivel correspondente esixido na convocatoria específica ou título equivalente debidamente homologado de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (DOG núm. 146, do 30 de xullo), modificada pola Orde do 10 de febreiro de 2014 (DOG núm. 34, do 19 de febreiro).»

O resultado da baremación é o seguinte, ordeada de maior a menor puntuación:

03.01.00.03/03.02.00.04 OFICIAL ADMINISTRATIVO_Expediente 2023/E001/000007

APELIDOS E NOME	EXPERIENCIA PROFESIONAL (máx 60 puntos)					FORMAC IÓN (máx 40 puntos)	TOTAL
	AL mesmo corpo (0,34/mes completo)	AL diferente corpo (0,19/mes completo)	AP mesmo corpo (0,19/mes completo)	AP diferente corpo (0,17/mes completo)	TOTAL	ATA 40 HORAS (1 pto/hora)	
Cabana Matos, Verónica	60	---	---	---	60	40	100
Díaz Crespo, Beatriz	60	---	---	---	60	40	100
Pequeño Riobó, Ana María	60	---	---	---	60	40	100
Soto Soto, Montserrat	60	---	---	---	60	40	100
Seselle Fernández, María	51,07	8,26	---	---	59,33	40	99,33
Amor Cortés, Cristina	52,51	---	4,59	---	57,10	40	97,10
Seijas Bermúdez, Sandra María	55,12	---	---	---	55,12	40	95,12
Pérez Vázquez, Digna Montserrat	35,82	9,22	9,04	---	54,08	40	94,08
Barreiro Pérez, Ana María	3	---	40,92	---	43,92	40	83,92
Rodríguez Platas, Paula	---	---	42,56	---	42,56	40	82,56
González Cambeiro, María Belén	24,30	6,48	6,43	1,04	38,25	40	78,25
Rodríguez Fernández, Marta	4,15	31,78	---	---	35,93	40	75,93
Brage Porral, Beatriz Concepción	5,63	---	29,27	---	34,90	40	74,90
Dopico Fernández, Cristina	---	---	33,38	---	33,38	40	73,38
Mosquera Domínguez, Silvia	27,18	5,21	---	0,28	32,67	40	72,67
Vila Fuentes, Beatriz	25,38	---	5,88	--	31,26	40	71,26
Brage Porral, Paz	2,32	---	26,78	---	29,10	40	69,10
Rios Pereiro, Ana María	---	---	24,23	---	24,23	40	64,23
Pérez Fernández, Silvia	--	---	17,49	---	17,49	40	57,49
Golpe Tellado, María Jesús	15,36	0,8	---	---	16,16	40	56,16
Martínez Río, Diana	1,77	11,87	---	2,07	15,71	40	55,71
Valiña Rial, Lidia	13,22	---	---	---	13,22	40	53,22
Linares Ávila, María Pilar	---	---	---	10,40	10,40	40	50,40
Sisto Ramos, Margarita	46,08	0,20	---	---	46,28	--	46,28
García Durán, María Anduriña	2,81	---	---	1,99	4,80	40	44,80



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

Reino Rey, Alba Andrea	---	3,41	---	---	3,41	40	43,41
Sánchez Calvo, Lucía	1,65	---	---	---	1,65	40	41,65
Blanco Vivero, Tania	1,07	---	---	---	1,07	40	41,07
Caínzos Varela, Carolina Alejandra	---	---	---	---	0	40	40
Díaz Martínez, Constantino	----	---	---	---	---	40	40
Guerreiro Pantaleón, Ana	---	---	---	---	---	40	40
Santamariña Cadaveira, Mónica	---	---	---	---	---	40	40
Hornillos Lera, Lidia	10,47	---	---	---	10,47	25	35,47
Moscoso Varela, María Arantzazu	14,34	5,40	---	---	19,71	---	19,74
Padín Rey, Jéssica	0,35	0,89	---	---	1,24	---	1,24

Comprobada a documentación obrante no expediente administrativo, tódalas persoas aspirantes, teñen acreditado o coñecemento da lingua galega, polo que non terán que realizar a proba de carácter eliminatorio prevista no apartado 5 da Base 5ª das Bases xerais antes transcrita.

Téndose producido un empate na puntuación máxima (100 puntos) e na vixésimo quinta (40 puntos), procede a aplicación dos criterios de desempate regulados na Base 5ª, apartado 3, letra C das Bases xerais reguladoras da convocatoria publicadas no BOP núm. 243 do 26.12.2022, que dispón:

«C. Criterios de desempate:

En caso de empate, nas puntuacións de dúas ou máis persoas aspirantes, e co obxectivo de satisfacer os principios de eficacia, eficiencia, economía, calidade, e mellora da xestión do sector público acudirase por orde aos seguintes criterios ata que se resolva:

1º.- En primeiro lugar, atenderase á maior puntuación obtida no apartado de experiencia profesional

2º. De persistir o empate, o maior número de días de desempeño de servizos na praza obxecto desta convocatoria na entidade local convocante.

3º. De persistir o empate, atenderase á maior puntuación obtida no apartado de formación.

4º.- E por último, de persistir o empate, resolverase por sorteo»

En aplicación dos criterios establecidos, en relación á puntuación máxima acadada por catro aspirantes, dirime o desempate o 2º criterio dos regulados nas bases (*2º. De persistir o empate, o maior número de días de desempeño de servizos na praza obxecto desta convocatoria na entidade local convocante*), acadando os dous primeiros lugares na baremación do concurso as aspirantes Verónica Cabana Matos e Beatriz Díaz Crespo.

En relación ás outras dúas aspirantes empatadas a 100 puntos e as catro persoas aspirantes empatadas a 40 puntos, en aplicación dos citados criterios persiste o empate logo de aplicar os tres primeiros, polo que haberá que proceder a efectuar un sorteo público para dirimilo.

Polo que, finalizada a Baremación, o Tribunal por unanimidade **ACORDA:**

Primeiro. Publicar o resultado da baremacion no Taboleiro electrónico de edictos do Concello de Bergondo, para xeral coñecemento.

Segundo. Declarar a tódolas persoas aspirantes **exentas** da realización da proba de coñecemento da lingua galega, consonte coa disposto na Base 5ª, apartado 5, das Bases xerais reguladoras da convocatoria.

Terceiro. Consonte coa previsión da base 10ª das Bases xerais reguladoras das convocatorias e procesos selectivos referentes ás prazas incluídas na Oferta Pública de Emprego extraordinaria para a estabilización do emprego temporal do Concello de Bergondo do ano 2022 ao abeiro da Disposición Adicional 6ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, publicadas (BOP núm. 243 do 26.12.2022), **declarar aprobadas ás aspirantes Verónica Cabana Matos con dni núm.79317335H e a Beatriz Díaz Crespo con dni núm. 47350948C**

Cuarto. Na súa consecuencia, propoñer a Alcaldía-presidencia a contratación como funcionarias de carreira da Escala de Administración xeral, subescala auxiliar, Oficial administrativa, código RPT 03.01.00.03 e 03.02.00.04 a Verónica Cabana Matos con dni núm.79317335H e a Beatriz Díaz Crespo con dni núm. 47350948C, segundo o disposto no Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público e base 10ª das Bases xerais desta convocatoria (BOP núm. 243 do 26.12.2022).

Quinto. A aspirante proposta deberá presentar no Rexistro xeral do Concello de Bergondo, e dentro do prazo de vinte (20) días naturais, contados a partir do seguinte ao que se faga pública a relación de aprobados, os documentos indicados na Base 11ª.1 das Bases xerais da convocatoria (BOP núm. 243 do 26.12.2022).

Sexto. Dar traslado á Alcaldía, para os efectos previstos na Base 14ª das Bases xerais da convocatoria (BOP núm. 243 do 26.12.2022), que as/os aspirantes que se indican a continuación poderán formar parte da bolsa de traballo por cumprir o indicado nas citadas bases:

Pequeño Riobó, Ana María
Soto Soto, Montserrat
Seselle Fernández, María
Amor Cortés, Cristina
Seijas Bermúdez, Sandra María
Pérez Vázquez, Digna Montserrat
Barreiro Pérez, Ana María
Rodríguez Platas, Paula
González Cambeiro, María Belén
Rodríguez Fernández, Marta
Brage Porral, Beatriz Concepción
Dopico Fernández, Cristina
Mosquera Domínguez, Silvia
Vila Fuentes, Beatriz



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

Brage Porral, Paz
Rios Pereiro, Ana María
Pérez Fernández, Silvia
Golpe Tellado, María Jesús
Martínez Río, Diana
Valiña Rial, Lidia
Linares Ávila, María Pilar
Sisto Ramos, Margarita
García Durán, María Anduriña
Reino Rey, Alba Andrea
Sánchez Calvo, Lucía
Blanco Vivero, Tania
Caínzos Varela, Carolina Alejandra
Díaz Martínez, Constantino
Guerreiro Pantaleón, Ana
Santamariña Cadaveira, Mónica
Hornillos Lera, Lidia
Moscoso Varela, María Arantzazu
Padín Rey, Jéssica

A configuración definitiva da devandita bolsa dependerá do resultado do sorteo previsto no punto seguinte.

Sétimo. Fixar o **día 20 de xullo de 2023, ás 8:30 horas**, como data e hora de realización do sorteo previsto na Base 5ª.3.C das Bases xerais reguladoras desta convocatoria para dirimir, neste suposto, a orde na lista da bolsa de emprego. O citado sorteo desenvolverase en acto público no Salón de sesión da casa do Concello.

Non sendo outro o obxecto desta sesión, dáse por rematada a mesma, redactándose a presente acta que se asina de xeito telemático a través da sala de sinaturas de portafirmas dependente da Deputación Provincial da Coruña (<https://www.dacoruna.gal/portafirmas/>) por tódolos integrantes do Tribunal e considerándose como lugar de sinaturas aos efectos oportunos o Concello de Bergondo. Dou fe; a secretaria

O Presidente

Os/as Vogais

A secretaria